

Asistente Tarefa 2

Portafolio

Autoría:

Carreira Fernández, Luis Aquilino

Título do portafolio:

Historias dos animais en perigo de extinción.

Competencias

Competencia a xustificar

Indica o nome da primeira competencia que xustificas:

2.1. Procura e selección de contidos dixitais

Evidencias aportadas

Enuncia os recursos relevantes, verificables e obxectivos que demostran que segundo o teu criterio permiten superar os indicadores de logro desta competencia que declaraches anteriormente. Para facilitar a tarefa de revisión á persoa titora, indica unha evidencia por liña e sinala entre parénteses onde se pode atopar no portfollio.

- Elaboración dunha rúbrica e dunha infografía. (Subpáxina 2.1 Contidos Dixitais)

Xustificación

Describe brevemente por que as evidencias aportadas demostran que superas os indicadores de logro declarados anteriormente. A xustificación non pode reproducir o descriptor do indicador de logro, debe estar vinculada a este pero ser concreta para o teu proxecto. Tes algún exemplo en Máis información.

Aténdese ao indicador 2.1.B2.1. porque coa elaboración dunha rúbrica demóstrase que se emprega un instrumento de avaliación dos recursos educativos e dixitais dos que se fará uso ao longo do proxecto para a produción do podcast por parte do alumnado.

En primeiro lugar, deseñouse a rúbrica considerando os seguintes criterios, consensuados e preestablecidos en coordinación con todo o profesorado implicado no proxecto.

Adecuación dos recursos á temática e finalidade do proxecto

Adaptación dos recursos ás necesidades do alumnado

Recursos sinxelos que favorezan a súa autonomía.

Recursos interactivos que permitan apostar por unha metodoloxía lúdica, práctica e flexible.

Tendo en conta os criterios anteriores, realizouse unha selección de recursos que consideramos útiles e relevantes para o desenvolvemento do noso proxecto.

Nesta liña, co fin de facilitar o achegamento do alumnado a estes, creouse unha infografía que, de xeito visual, ofrecese unha breve información sobre cada un deles. Tivemos en conta, así mesmo, que os materiais elixidos contaran con licenzas que permitisen a súa utilización educativa sen infrinxir dereitos de autoría. Esta atención ás licenzas de uso fomenta a responsabilidade e o respecto polos dereitos de propiedade intelectual entre o alumnado.

Así mesmo, como paso previo a brindar esa información ao alumnado, procedemos a empregar de primeira man eses recursos, co fin último de comprobar que efectivamente cumprisen as nosas expectativas e desempeñasen correctamente a función deles se supoñía.

Por último, cerciorámonos de que todos os recursos resultasen accesibles para o alumnado, garantindo así unha aprendizaxe inclusiva e igualitaria.

Competencias

Competencia a xustificar

Indica o nome da segunda competencia que xustificas:

2.2.Creación e modificación de contidos dixitais

Evidencias aportadas

Enuncia os recursos relevantes, verificables e obxectivos que demostran que segundo o teu criterio permiten superar os indicadores de logro desta competencia que declaraches anteriormente. Para facilitar a tarefa de revisión á persoa titora, indica unha evidencia por liña e sinala entre parénteses onde se pode atopar no portfolio.

- Secuenciación didáctica

- Plan de traballo que desenvolve a secuencia de aprendizaxe. (Supáxina 2.2 Contidos Dixitais)

Xustificación

Describe brevemente por que as evidencias aportadas demostran que superas os indicadores de logro declarados anteriormente. A xustificación non pode reproducir o descriptor do indicador de logro, debe estar

vinculada a este pero ser concreta para o teu proxecto. Tes algún exemplo en Máis información.

Aténdese ao indicador 2.2. B2. 1 mediante a evidencia da creación dunha secuenciación didáctica completa, amosando a ideación de contidos educativos estruturados, que forman parte dunha serie ordenada e coherente de elementos dixitais heteroxéneos e precisos, adaptados á realidade educativa e respectan os dereitos de autoría e propiedade intelectual.

Isto complétase cun plan de traballo, que podemos atopar na Área 3, no cal se especifican os materiais que imos empregar e as distintas tarefas do proxecto na nosa secuencia de aprendizaxe.

En primeiro lugar, o deseño dunha secuencia de aprendizaxe completa esixe unha planificación ao mínimo detalle e cun alto grao de estruturación dos contidos a traballar. Con tal fin, teremos en conta as características e necesidades do noso alumnado, a concreción curricular e a transposición didáctica, que transforma os contidos en actividades e recursos pedagóxicos concretos. Ao seguir este proceso, garantimos que ditos contidos sexan relevantes e adecuados para o contexto educativo do noso centro. Unha maneira de enriquecer a nosa experiencia de ensino aprendizaxe é, precisamente, a inclusión de elementos dixitais diversos e de calidade.

Dentro da heteroxeneidade de recursos seleccionados, atendemos a plataformas interactivas, editores, vídeos, recursos multimedia e un amplo abano de opcións que son clave á hora de garantir a motivación e a participación activa do alumnado no desenvolvemento do proxecto. A variedade de recursos axúdanos, así mesmo, a adaptarnos ás diferentes características, necesidades e estilos de aprendizaxe de nenos e nenas. Cómpre insistir, ademais, en que, como docentes, somos plenamente conscientes de que incluír este tipo de recursos dixitais esixe respectar rigurosamente a propiedade intelectual e os dereitos de autoría, empregando os recursos dixitais dende a legalidade e a ética, respectando as licenzas de uso e citando as fontes de maneira apropiada. Todo o anterior resultará clave á hora de ensina

Indicadores

Incipiente:

- 2.1.B2.1. Utiliza un instrumento de avaliación e catalogación relacional de contidos educativos dixitais e teno en conta nas súas estratexias de procura
- ● 2.2.B2.1. Crea, de forma individual ou en colaboración con outros, novas unidades e secuencias de aprendizaxe a partir da integración de contidos dixitais diversos, introducindo as modificacións necesarias e elaborando, se é preciso, algúns elementos para estruturalas de forma coherente e adaptalas ao contexto de aprendizaxe concreta no que se van a empregar.